

NUMAX NA ESCOLA

**CATÁLOGO DE FILMES
DIDÁCTICOS
2018/2019**


**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Departamento de Educación



**EDUCACIÓN
SECUNDARIA
E BACHARELATO**

A oferta de NUMAX na Escola conta con importantes novidades no curso 2018/19, estruturando o catálogo en base a eixos temáticos e valores transversais presentes nos currículos vixentes para a educación secundaria e bacharelato. Unha coidada selección de filmes cos que o alumnado poderá rir, aprender, emocionarse.... Comezamos!

EDUCACIÓN EN IGUALDADE



TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO

Xiana do Teixeiro, 71 min, Galego, VO

En tres conversas reveladoras con amigas, colaboradoras e estudantes de secundaria, a directora artella un discurso sobre o medo e a violencia cara ás mulleres.

- Violencia de xénero / Empoderamento / Sororidade



SUFRAJISTAS

Sarah Gavron, 106 min, Inglés, VOSE

Ingllaterra, comezos do século XX. Maud é unha traballadora do téxtil que comeza a militar de xeito activo no histórico movemento sufraxista.

- Sufraxismo / Feminismo / Compromiso persoal e político




GIRLHOOD

Céline Sciamma, 112 min, Francés, VOSG

Marieme séntese agobiada pola súa familia, a escola e a implacábel lei dos rapaces do barrio, nas aforas de París. Pero a súa vida muda cando coñece un grupo de mozas de espírito libre.

- Multiculturalidade / Violencia de xénero / Expresión corporal

ARTE E LITERATURA




LOVING VINCENT

Dorota Kobiela & Hugh Welchman, 95 min, Inglés, VOSG

A historia dos últimos días na vida de Vincent Van Gogh pintada a man, fotograma a fotograma, por centos de pintores de todo o mundo a partir dos cadros do artista holandés.

Mellor filme de animación Premios Cine Europeo 2017

- Primeiro filme da historia pintado ao óleo / Historia da arte / Van Gogh



O PRINCIPIÑO

Mark Osborne, 106 min, francés/inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

Mellor filme de animación César 2016

- Espírito de superación e autoconecemento / Posta en valor das pequenas cousas



UN SACO DE BÓLAS

Christian Duguay, 100 min, francés, VOSG

Durante a ocupación nazi en Francia, Maurice e Joseph son dous irmáns xudeus que deben abandonar a súa familia para se salvar. Adaptación do clásico da literatura xuvenil de Joseph Joffo.

Premio Educacine Barcelona Film Fest

- Segunda Guerra Mundial / Antisemitismo / Francia ocupada

EDUCACIÓN E CRECIMENTO



A VIDA DE CABACIÑO

Claude Barras, 66 min, francés, VOSE

Cabaciño é un neno de 9 anos que, tras quedar orfo, entra nun fogar de acollida. Malia á difícil adaptación fará grandes amigos.

Mellor filme de animación Premios Cine Europeo 2016

- Comprender e confiar no outro / Superación do maltrato e a perda a través do amor e a amizade



EN VOZ ALTA

Stéphane de Freitas & Ladj Ly, 95 min, francés, VOSE

Nas aforas de París, o alumnado dun colexio multicultural prepárase para o Eloquencia, un concurso de oratoria onde centros de toda a cidade medirán as súas forzas.

Nomeado mellor documental César 2017

- Oratoria / Diversidade cultural / Expresión oral

HISTORIA E PRESENTE



I AM NOT YOUR NEGRO

Raoul Peck, 93 min, Inglés, VOSG

A historia a prol dos dereitos civís do pobo afroamericano a través do pensamento de James Baldwin e os asasinatos de Malcolm X, Martin Luther King e Medgars Evers.

Nomeado mellor documental Oscar 2016

- Racismo / Movemento polos dereitos civís



O LEÓN DORME ESTA NOITE

Nobuhiro Suwa, 103 min, francés, VOSG

Nunha casa abandonada onde un actor veterano se atopa co espírito do seu amor de mocidade, un grupo de rapaces emprende a rodaxe amateur dun filme de terror.

- A aventura da crear con imaxes / Complicidade interxeracional



O BO MESTRE

Olivier Ayache-Vidal, 106 min, francés, VOSE

Un profesor de literatura do prestixioso instituto Henri XIV acepta unha praza nun centro do extrarradio, nunha zona conflictiva de París.

- Educación / Multiculturalidade / Amizade

DIVERSIÓN SEN PALABRAS



DE CHARLOT A CHAPLIN

Charlot diante da cámara e Chaplin tras dela conforman unha filmografía única e irrepelible, o camiño ideal para iniciar o público mozo no cinema con maiúsculas. No noso catálogo dispoñemos de **todas as súas longametraxes** entre as que recomendamos as seguintes:

Luces da cidade (1931, 81 min)

A historia dun vagabundo que axuda unha moza cega a recuperar a vista ofrece algunhas das escenas máis emocionantes do cinema.

Tempos modernos (1936, 89 min)

Memorábel crítica á deshumanización do traballo en cadea.

O gran ditador (1940, 128 min)

Satírico retrato de Adolf Hitler que anuncia, desde a comedia, os horrores do Holocausto e a Segunda Guerra Mundial.

- Consulta o **catálogo completo** aos responsábeis do programa.



O GRAN CARA DE PAU

Buster Keaton, o home que nunca ría, era quen de crear as aventuras máis imaxinativas e disparatadas, cun humor físico, rico en acrobacias e trucaxes visuais. No catálogo de NUMAX na escola atopamos obras mestras da comedia muda como **O moderno Sherlock Holmes** (45 min), **O maquinista da xeral** (74 min) ou **O navegante** (59 min).

- Consulta o **catálogo completo** aos responsábeis do programa.



AS VACACIÓNS DE MONSIEUR HULOT

Jacques Tati, 1953, 88 min, francés, VOSG

Nun balneario da costa francesa os veraneantes non son quen de desprenderse das súas rutinas, até que un día chega Monsieur Hulot ao volante da súa vella carraca e racha coa calma estival.

- O verán como espazo de liberdade e creatividade fronte á rutina.



LOS HONGOS

Óscar Ruíz Navia, 103 min, Español, VO

Calvin e Ras son dous adolescentes que transitan as rúas de Cali, en Colombia, na procura de espazos onde desenvolver a súa gran paixón, o graffiti. *Premio especial xurado Locarno 2014*

- Arte urbana / Graffiti / Relación coa terceira idade



KARL MARX DE MOZO

Raoul Peck, 112 min, Inglés, francés, alemán, VOSG

No París de 1844, tras exilarse, Karl Marx coñece a Friedrich Engels. Xuntos mudarán a historia política do movemento obreiro coa publicación d'**O manifesto comunista**.

- Historia política / Filosofía / Comunismo



O OUTRO LADO DA ESPERANZA

Aki Kaurismäki, 98 min, finés, VOSG

Khaled é un refuxiado sirio que chega de xeito clandestino ao porto de Helsinki na busca de traballo e do rastro da súa irmá, á que perdeu de vista fuxindo da guerra en Siria. *Mellor dirección Berlinale 2017*

- Refuxiados / Multiculturalidade / Dereitos humanos

HISTORIA DO CINEMA



OS 400 GOLPES

François Truffaut, 1959, 94 min, francés, VOSE

Antoine Doinel é un rapaz adolescente desatendido pola súa familia e abafado na escola que decide marchar de casa e vivir pola súa conta.

Mellor director Cannes 1959

👁️ Orfandade / Amizade / Independencia da adolescencia



LADRÓN DE BICICLETAS

Vittorio de Sica, 1948, 93 min, italiano, VOSE

Na Roma da posguerra, Antonio, un obreiro en paro, consegue un sinxelo traballo pegando carteis a condición de que consiga unha bicicleta.

Mellor filme estranxeiro Oscar 1949

👁️ Desemprego / Pobreza / Neorealismo



AS UVAS DA IRA

John Ford, 1940, 129 min, inglés, VOSE

Tras cumprir condeza en prisión, Tom Joad (Henry Fonda) emprende unha longa viaxe coa súa familia cara aos campos de cultivo de California, fuxindo da fame e agardando un futuro mellor.

Mellor dirección Oscar 1940

👁️ Gran Depresión / Migración / Explotación laboral



O GRAN CARNAVAL

Billy Wilder, 1951, 111', inglés, VOSE

Charles Tatum (Kirk Douglas), un xornalista sen escrúpulos que atravesou unha mala racha, vese obrigado a traballar nun pequeno diario de Novo México.

👁️ Xornalismo / Manipulación / Prensa amarela

FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE:

- 📖 **Antes da sesión** farase entrega ao profesorado de **materiais didácticos** (unidades didácticas, actividades, making off, trailers, etc.) que faciliten o traballo na aula antes e despois da sesión.
- 🔊 O día da sesión **habrá unha presentación en sala** do filme a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas
- 👥 **Aforo:** Grupos dun mínimo de **50 alumnos/as** e un máximo de 70.
- 💰 **Prezo:** **2€ por alumno/a**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.

CONTACTO

✉️ escola@numax.org

☎️ 981 560 250
(Xan Gómez Viñas)

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9, baixo
Santiago de Compostela
T. 981 560 250 | www.numax.org
escola@numax.org


CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación